FOMOS FICANDO SÓS 1868

Adrián Canoura, 2025

ESTREA EN NUMAX: 28.11.2026 | V.O. | +7 | 82 min

Adrián embárcase ao Gran Sol no barco onde seu pai navegou durante máis de trinta anos. Busca entender o silencio e a distancia que os marcou. No medio do mar, entre rutinas e ondas, encontra o momento para achegarse. E á fin, atrévese a dicir o que sempre calou: Quérote.

Título orixinal: Fomos ficando sós
Ano: 2025
Duración: 82 minutos
Idioma orixinal: Galego
Dirección: Adrián Canoura
Guión: Aldara Pagán, Adrián Canoura
Participación: Raúl Canoura
Montaxe: Iria Silvosa
Son: Anxo R. Ferreira
Música: Anxo R. Ferreira
Fotografía: Arancha Brandón
Produtora: Zeitun Films
Distribuidora: La Machina

PREMIOS E FESTIVAIS
Punto de Vista 2026 (Premio da Xuventude)



FOMOS FICANDO SÓS

Adrián Canoura, 2025

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Notas do director

Por Adrián Canoura

Cando atopei no faiado as vellas gravacións que fixera meu pai nos anos 80 e 90, algo se moveu dentro de min. Non foi só a forza do recordo, senón unha especie de chamada: o desexo de volver a esas imaxes, de vivilas dende dentro. Sentín que había algo aínda por contar… algo que tiña que ver co mar, co oficio, coa nosa relación como pai e fillo.

Durante moito tempo non souben por onde comezar. Tiña intencións soltas, fragmentos de ideas e sensacións que non acababan de tomar forma. Ata que se deu unha situación case máxica: embarcarme con meu pai ao Gran Sol. Sen plan, sen guión, non o pensei demasiado. Tiña que ir. Tiña que vivir o que el vivira. Só así podía contar esta historia. Deixei que me guiase unha forza interior, unha intuición que viña de moi fondo, do corazón, das entrañas. E así foi como decidín facer a travesía. Para mirar, para sentir, para comprender. E para contar.

No mar descubrín un escenario inmenso, e non só un lugar físico senón tamén un espazo emocional, de resistencia. A soidade dos homes facíase visible, case cósmica, e os corpos movíanse no límite entre o oficio e o ritual. O barco do meu pai converteuse no único escenario posible. Nel navegaban non só a tripulación, senón tamén as cicatrices emocionais de xeracións de homes de mar. O tempo, o silencio, o baleiro… Todo aquilo que non se di, pero que pesa. E entre eles, meu pai. E eu, observando.

A película naceu desa experiencia. Pero tamén dunha aposta estética e ética: a de traballar co multiformato, co arquivo doméstico, co material analóxico e co dixital. Desde sempre entendín o cinema como un lugar onde dialogan linguaxes e soportes, un lugar de confluencia onde o real e o onírico poden convivir. Aquí non quixen ilustrar unha historia, senón construír unha forma de estar, de resistir, de mirar.

O mar está presente en cada plano, pero tamén en cada ausencia. Non é só o contexto: é a fenda, o reflexo, a magnitude. Un espazo que separa e une. Un espazo que tamén fala de min.

Esta non é só unha película. É unha viaxe iniciática. Un xeito de entender quen son, de onde veño e cara onde vou.

Fomos ficando sós é iso: unha travesía persoal e cinematográfica. Un intento de entender a miña relación co mar, co meu pai, coa herdanza emocional que deixa o traballo. E tamén unha busca dunha forma de mirar distinta, propia.
Grazas por acompañarme nesta travesía.

Publicado en zeitunfilms.com